



# PLAN DIXITAL

**CEIP XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ**

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

- 5.1. Informar ao Claustro e ao Consello escolar
- 5.2. Páxina web do centro

## 1. Introducción

O plan dixital do CEIP Xosé Fernández López é un instrumento de planificación que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información, a competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

O plan dixital é o instrumento que facilitará o uso dos medios dixitais no proceso ensinanza-aprendizaxe, entendido dende o desenvolvemento pleno e integral do alumnado. É fundamental dar un enfoque de centro ó uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, que guíe o uso das tecnoloxías dixitais.

### 1.1. Datos básicos do centro

- O CEIP Xosé Fernández López está situado no núcleo urbano de O Porriño, entre a antiga estrada de Ourense hoxe Avda. de Antonio Palacios e a rúa Doantes de Sangue, a dirección de correo electrónico é [ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal](mailto:ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal), a da súa páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxosefernandez/>. É unha zona de servizos que se completa co IES Pino Manso, o CPR Hermanos Quiroga, a gardería pública “A Galiña Azul”, o Pavillón municipal de deportes, que ten dúas pistas e a piscina cuberta, o Punto de Atención Continuada (ambulatorio do SERGAS), os Xulgados e a Tesourería da Seguridade Social.
- A vila de O Porriño, está situada ó sur da provincia de Pontevedra, é un núcleo urbano situado historicamente nunha encrucillada de camiños, despois estradas e hoxe autovías, que unen Vigo, Tui, Ourense e Redondela (Pontevedra) e preto do aeroporto de Peinador. O concello ten unha poboación aproximada de 20.000 habitantes repartidos en varias parroquias e o centro urbano.
- Segundo o catálogo de postos de traballo, este é un centro de 14 unidades de Educación de E. Primaria e 6 unidades de E. Infantil.
- Na actualidade hai preto de 370 alumnos/as. É un centro de dobre liña, dous grupos por nivel agás os seguintes: 4º de E. Primaria e 6º de E. Primaria, que na actualidade ten tres grupos. A ratio vense mantendo nos últimos cursos nunha media de 21 alumnos por aula.
- O alumnado procede da área de influencia do centro, que ven sendo a case totalidade do casco urbano do Porriño, e aínda queda alumnado de transporte (uns 30 das parroquias de Cans e Carracido).
- O número de postos de traballo do centro é de 34 mestres/as, correspondendo ás seguintes especialidades :
  - E. Infantil: 8
  - E. Primaria: 14
  - E. Física: 2

- E. Musical: 1
- L. Inglesa: 2
- Relixión Católica: 3
- Relixión Evanxélica: 1
- P. Terapéutica: 1
- A.L.: 1
- Orientador: 1

Destes, 3 profesores pertencen a outros centros e son itinerantes.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Este Plan Dixital contribuirá a un uso razoado e concreto das novas tecnoloxías para potenciar as competencias dixitais do alumnado. Tamén contribuirá a concretar, programar, organizar e mellorar as competencias tic, tanto no profesorado como no alumnado, partindo da realidade actual do centro.

### **Programas de innovación nos que participa o profesorado**

A maior parte do profesorado realiza ao longo do curso cursos de formación.

Este ano participamos en xornadas e cursos: coidado e benestar emocional, proxectos de vida activa e saudable (Xogade), potenciación da biblioteca escolar, uso da radio ....

## 1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art.111 bis, Art.121 e Art.132 da LOE 2/2006, de 3 de maio de Educación.
- LOMLOE Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educa Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

## 1.4. Proceso de elaboración

Basearémonos nos seguintes apartados:

- Avaliar a situación do centro en relación co uso da innovación dixital, para poder diseñar e mellorar as competencias dixitais do centro.
- Recoñecer o plan dixital como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital de organización educativa.
- Transformar o centro nunha organización que aprende e mellora as competencias dixitais.

Para levar a cabo isto é preciso facer una análise da situación actual tendo en conta os seguintes aspectos:

- Análise da competencia dixital do centro (alumnado, profesorado e equipo directivo) coa ferramenta SELFIE.
- Análise dos recursos do alumnado.
- Análise da infraestrutura , recursos e estado do centro.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### a) Conexión a internet

O CEIP Xosé Fernández López é un centro público cunha conexión a internet de banda ancha de 200MB. O centro ten servizo de rede WIFI , á que teñen acceso os espazos dedicados á docencia, os departamentos, dirección, secretaría e administración e as zonas comúns do centro.

#### b) Equipamento

O equipamento Abalar/Edixgal é de 224 ordenadores, ademais contamos con 60 ordenadores de sobremesa e 6 tabletas.

A distribución dos ordenadores é a seguinte:

En aulas específicas de informática .....	26
En aulas Abalar/EDIXGAL .....	219
En outras aulas.....	32

En dependencias de xestión e administración	6
Na biblioteca e sala de mestres.....	19
Outros equipos informáticos do centro:	
Encerados interactivos.....	9
Encerdaos dixitais .....	14
Proxectores.....	20
Escáner.....	10
Fotocopiadoras.....	2
Impresoras.....	10
Armarios de carga de portátiles.....	6

c) Servizos dixitais educativos:

Abalar : a través deste entorno o centro pode comunicarse coas familias do alumnado.

Páxina web: onde se poden atopar documentos do centro como programacións, publicacións de interese para as familias do alumnado, e distintos traballos dos distintos niveis de ensino e dos departamentos.

Aulas virtuais: os niveis de E. Primaria teñen creadas aulas virtuais.

Edixgal: dende fai algúns anos o alumnado de 5º e 6º de educación primaria está a traballar cos libros dixitais.

d) Mantemento do equipamento do centro:

Os encargados do mantemento do equipamento son fundamentalmente: o coordinador Tic, coordinador Edixgal e equipo directivo.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	3,8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,8				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					

<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	4,4				
	Alumnado					
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	3,4				
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	1,2				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2,2				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,8				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>19</u>	<u>26</u>	<u>73,1%</u>
<b>PROVISIONAL</b>	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
<b>INTERINO</b>	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50%</u>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
<b>DESPRAZADO</b>	<u>0</u>	<u>2</u>	<u>0%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>66</u>	<b>Integrador/a (B1)</b>	<u>76,4</u>	<b>Integrador/a (B1)</b>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>				
<b>BAC</b>				
<b>F.P</b>				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	<u>3</u>	<u>12,5%</u>
<b>A2</b>	<u>10</u>	<u>41,7%</u>
<b>B1</b>	<u>8</u>	<u>33,3%</u>
<b>B2</b>	<u>1</u>	<u>4,2%</u>
<b>C1</b>	<u>2</u>	<u>8,3%</u>
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	<u>24</u>	<u>100,00%</u>

### 2.3. Análise DAFO

Realizado a partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- BOA DOTACIÓN RECURSOS DIXITAIS, CONEXIÓN INTERNET,	- PROTECCIÓN DE DATOS, PROBLEMAS TÉCNICOS, MALA SITUACIÓN DA BASE DO SISTEMA DE COMUNICACIÓN (RACK), ESPAZOS, CONEXIÓN A INTERNET POUCO FIABLE OU LENTA
	PERSOAL DOCENTE	TEMPO ADICADO Á ENSEÑANZA DIXITAL, RECURSOS EDUCATIVOS EN LIÑA, COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA, RECURSOS EDUC. ABERTOS	FENDA DIXITAL, AVALIACIÓN DIXITAL, NECESIDADE DPC, APRENDER A PROGRAMAR, CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS, FALTA DE TEMPO PARA DESENVOLVER MATERIAL DE USO TIC, FALTA SEGURIDADE EN PROTECCIÓN DE DATOS, APOIO TÉCNICO
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	IMPLICACIÓN E COLABORACIÓN COAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS, COMPETENCIA DIXITAL	RESOLVER PROBLEMAS TÉCNICOS, TECNOLOXÍA FORA DO CENTRO CON FINS DE APRENDIZAXE, MALOS HÁBITOS DE USO DIXITAL
	FAMILIAS		BAIXA COMPETENCIA DIXITAL
	OFERTA	NOVAS MODALIDADES DE ENSINO	BIBLIOTECA / REPOSITORIO EN LIÑA
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA, DISPOSITIVOS DIXITAIS PARA A ENSEÑANZA E PARA O ALUMNADO, ACCESO A INTERNET	SINERGIAS PARA APRENDIZAXE MIXTO, AVALIACIÓN DO PROGRESO

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O CENTRO SÓ EMPREGA SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS CORPORATIVOS	EXCESIVA BUROCRACIA
	LEXISLACIÓN		CAMBIO CONSTANTE DE LEIS EDUCATIVAS
	CONTORNA	COLABORACIÓN CO INSTITUTO PINO MANSO	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		



## 3. Plan de Acción

Unha vez analizados os recursos materiais e humanos, fíxose unha reflexión entre o profesorado para valorar que obxectivos serían os máis axeitados para traballar o vindeiro curso, tanto a nivel de alumnos como de profesorado. Decidiuse partir duns obxectivos básicos que senten unha base sólida para seguir avanzando en cursos posteriores.

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo das fortalezas e debilidades reflectidas na análise DAFO, decidiuse centrar a atención en dous obxectivos prioritarios:

- 1º. Establecer unha serie de contidos por curso relacionado co uso das TIC
- 2º. Crear e manter un repertorio de recursos dixitais

O 1º Obxectivo está encamiñado a programar e secuenciar unha batería de contidos ordenados en función da súa dificultade que sexan útiles para empregar polo alumnado ao longo de toda a primaria e que senten unha boa base e autonomía para empregar tamén en cursos superiores.

O 2º Obxectivo ten como finalidade acadar un repertorio de recursos dixitais que o profesorado poida empregar en distintos momentos co seu alumnado en función da materia e dos contidos ao longo do curso.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- 5 Tabletas para desenvolver distintas actividades tics nas aulas de 2º e 3º ciclo.
- Máis puntos wifi para mellorar a conexión en determinados puntos do colexio.
- Rack de conexións a internet onde haxa unha porta para evitar ruídos e no que o cabreado non colgue ofrecendo unha imaxe penosa.
- Seis Pantallas interactivas para traballar en Ed. Infantil, 1º ciclo, Ed. Musical e Inglés, facilitando o acceso a alumnado con dificultade de mobilidade.

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora":						
1. OBXECTIVO (1):	Establecer unha serie de contidos por curso relacionado co uso das TIC				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador de Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de contidos creados					
Valor de partida (3)	Sen contidos por curso					
Valor previsto e data (4)	Tres contidos establecidos para cada curso			3º trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión de equipo Tic para establecer contidos por curso.	Coordinador Tic	Setembro	Aula e ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Trasladar información ós titores.	Equipo Tic	Outubro	Aula e ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Coordinación cos titores para establecer contidos por ciclos ou cursos.	Equipo Tic e titores	Outubro	Aula e ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Traballo desde cada titoría para acadar eses contidos.	Titores	Ó longo do curso	Aula de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora":						
2. OBXECTIVO (1):	Crear e manter un repertorio de recursos dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de recursos aportados polos mestres					
Valor de partida (3)	Sen recursos					
Valor previsto e data (4)	Dous recursos por mestre			3º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Escoller o formato que terá o repertorio	Equipo Tic	Outubro	Aula e ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Informar ó Claustro sobre a existencia do repertorio e o método de uso	Equipo directivo e coordinador Tic	Novembro	Sala de mestres		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Os mestres comezar a facer as súas achegas	Mestres	Ó longo do curso	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Mantemento da páxina do repertorio.	Equipo Tic	Durante a duración do curso	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan

Ao longo do procedemento faremos un seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:

- Na **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- Na **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

Informar ao Claustro e ao Consello Escolar da revisión e actualización do Plan Dixital no centro.

Trasladar información aos titores para que se coordinen e establezan contidos por ciclos ou niveis.

Publicar, unha vez aprobado, o Plan Dixital na web do centro.